

CHARLA DE RECICLAXE

Onte, día 7 de marzo, viñeron á clase de 6^ºB un chico e unha chica para darnos unha charla sobre unha cousa moi importante: A RECICLAXE.

Explicáronos cousas importantes, como que é un resíduo, que é o lixo ou por qué debemos reciclar. Tamén nos dixeron que o lixo pode chegar a contaminar o aire, provocar incendios, quitarlles aos animais os seus fogares ou incluso facerlles dano, xa que algúns animais confunden bolsas ou envoltorios de plástico co seu alimento e quedan atrapados alí.

Por iso hai que tirar o lixo no seu lugar correspondente e non no medio da rúa.

Outro apartado importante da charla foron uns consellos que nos deron para consumir menos plástico e que teñen que ver coas tres R (Reciclar - reducir - reutilizar). Algúns deles foron: intentar aproveitar botellas ou cousas de plástico para facer outras (por exemplo unha manualidade), encher unha botella grande de plástico coa auga da fonte (sempre que sexa potable) ou usar bolsas de tea.

Ao rematar a charla déronos un pequeniño agasallo. A min a charla pareceume bastante interesante e eu espero que a vos tamén vob parecera!